

MATERIAIS DE TRABALLO SEMANA DO 23 AO 29 DE MARZO

Bos días a todos e todas!

Espero que esteades levando ben o confinamento. Seguramente estrañades o voso grupo de compañeiros, compañeiras e amizades, tedes que pensar que esta situación é transitoria e pronto volveredes estar xuntos. Son tempos de estar nas redes sociais para estar conectados pero lembrade facer un uso responsable delas.

É importante que cumprades coa vosa parte académica facendo os exercicios propostos, recordade que me manteño conectada para resolver calquera dúbida no enderezo electrónico: belitroques@gmail.com

Para facer máis livián este peche colaborade tamén nas tarefas do fogar e mantede a calma nas coversas e nos actos, todos estamos pasando unha situación de estrés que esperemos remate axiña.

E sobre todo, esta é a vosa hora! Tirade de imaxinación e creatividade para levar a cabo actividades que vos divirtan estes días!

Deséxovos moita afouteza no que resta de corentena!

- Enlaces aos dicionarios en rede:
DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA <https://academia.gal/diccionario>
DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA <https://digalego.xunta.gal/>
- Seguíde repasando a conxugación verbal a través dos xogos da web **O XIMNASIO DOS VERBOS** <https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/>, seguindo a ruta: menú, xogos, alternancia vocálica ou verbos irregulares.

ACTIVIDADES

1. Le o seguinte texto e responde as cuestións que se propoñen.

O SEGREDO

Ao ler sobre o último escándalo de espionaxe nos Estados Unidos lembreime do que unha vez me dixo un tipo: «O segredo non existe». El debía saber porque era un profesional do segredo, un axente dun servizo de intelixencia. «Nós o único que facemos é estar ao tanto das cousas un pouco antes ca os demais, iso é todo; pero non hai nada que non se acabe sabendo». Así é: a información é o contrario da arte, vai perdendo valor co tempo, e os segredos teñen a breve vida dos insectos.

As películas de espías esfórzanse por convencernos, en cambio, de que existen cousas así: documentos «dos que depende a supervivencia da humanidade», claves que convierten en seres todopoderosos os que as posúen ou as rouban, planos... Convencidos de que unha chamada telefónica, unha nota casual manuscrita ou unha matrícula de coche encerran a clave para salvar o mundo, pagamos organismos que interveñen teléfonos ao azar, abren as nosas cartas, espían os correos electrónicos, filman desde satélites...

O curioso é que, con todo este esforzo, non logramos apenas nada. Ducias de miles de fitas gravadas, toneladas de informes e millóns de xigas de información descansan en almacéns, inutilizables precisamente pola súa desmesura.

- a. Indica a que xénero xornalístico pertence o texto anterior. (Noticia- Artigo de opinión- Editorial)
- b. Xustifica brevemente a resposta anterior.
- c. Indica cal é o tema do texto.

2. Explica o que é un *acrónimo* e ofrece un exemplo.

3. Localiza e desenvolve as abreviaturas do seguinte texto:

segredo. *s. m.* Aquilo que se mantén oculto, que non se dá ou non se debe dar a coñecer aos demais. OBS.: Debe diferenciarse de secreto (adx.). EXPR.: En segredo. Sen que se saiba. Ex.: *Mantiveron en segredo a súa alianza.*

4. Ordena as sílabas destes termos e formarás palabras que conteñan sufixos.

racaguanoni
zaganafol
mitafenis
lánpostecom
ropeilar

niscomuta
balleiruro
rechaigo
cianmercote
roteiar

5. Forma palabras novas combinando os seguintes termos e mais os sufixos formadores de verbos *-ar, -ecer, -izar, -ificar, -iscar, -icar* e *-ear*.

namorar
bágoa
simple

olfacto
árbore
abano

mareo
alfabeto
falso

6. Completa as seguintes oracións coas palabras que acabas de formar.

- Non xogues a dar voltas que te vas _____.
- As maceiras que plantamos xa comezan a _____.
- Ao noso can encántalle _____ as plantas do xardín.
- Xoana colabora cunha ONG e axuda a _____ persoas en países subdesenvolvidos.
- A dama comezou a _____ lentamente cando a informaron da volta do seu namorado.
- Tes que _____ os contidos para que se entendan mellor.
- Sempre se está a _____ de cada rapaza que coñece.
- Pasou tanta calor que non podía deixar de se _____.
- Desarticularon unha banda que de dedicaba a _____ documentos.

7. Le o seguinte texto e busca no dicionario todas as palabras que descoñezas:

O PAÍS ONDE AS CASAS E OS AUTOS NACEN DA TERRA

O galego urbano lémbrese moito da aldea. Pero hai intres en que escoita no seu interior que a aldea chama coma unha irresistible chamada do sangue. Datas sinaladas no corazón, no faiado sentimental, nas que tensa o adival da morriña a tirar por un. Latexan as vésperas coma badaladas enxebres e escorrega Galicia polo peito. De que vésperas falamos? As da matanza! Ese é o día en que o galego urbano sente, si, a chamada lendaria da tribo. Sente unha gaita grileira na cabeza e un baleiro de bombo. Trátase, a súa, dunha morriña psicossomática, tan intelectual coma biolóxica.

–Mañá vou á aldea –dille o galego urbano ao colega de oficina tomando café.

–E logo?

–Hai moito tempo que non vexo os vellos, os tíos, os amigos da infancia. Os animais. Xa sabes. Hai días en que a aldea tira moito.

–Ti, Paco, sempre fuches un sentimental. E agora que o dis, tamén eu debería dar unha volta pola miña aldea. Non hai que desarraigar. No meu peito tamén latexa un corazón labrego. Esa irmandade arredor da mesa!

Pero non son só provisións de raxo, chourizos, patacas, grelos, allos, ovos, mazás, filloas e augardente o que o galego urbano consegue nas súas incursións pola Terra Nai. A fértil e xenerosa terra galega non só produce froito e alimenta gando que logo nutren ao galego de asfalto, senón que no fecundo agro, un milagre da natureza!, xermolan automóviles e vivendas. Como é que sucede este sensacional fenómeno, pasmo da agronomía mundial? Tan produtiva é a terra que se pode lograr, poñamos por caso, unha semente de Renault, ou de Citroën, ou de Suzuki e logo asistir ao seu crecemento de par do millo ou das patacas? Pódese acaso plantar nun chouso, a canda os eucaliptos, unha semente de piso céntrico, con calefacción e praza de garaxe? A resposta é non. Aínda non se deu tal bicoca. Pero si algo parecido. Cando o galego urbano sente a necesidade de mercar un coche, ou de cambiar o que ten porque lle falta o reprís, ou así mesmo cando o galego urbano quere mercar unha vivenda de seu, ou cambiar de piso porque só ten un baño, cando esa necesidade aprema e non lle cadran moi ben as contas monetarias, que é o primeiro que se lle ocorre para encher a bolsa dos desexos? Pois é xustamente nese momento cando sente a imperiosa urxencia de retornar ás súas raíces. Para vendelas. Hai sempre en algures un piñeiral, un anaco de terra de herdanza que vén en axuda do galego urbano cando o preme a necesidade.

E é así que os galegos lle deben moito á terra, comezando polos galegos urbanos. Mais esa realidade non sempre se corresponde co debido respecto, estima e comprensión co mundo rural. Mais ben pola contra, na Galicia urbana abundan os renegados e os desertores do arado. Desde logo, o ámbito onde se fai máis evidente é o do uso da lingua. Claro que o desprezo cara ao mundo labrego e rural ten outras expresións, non soamente no eido da lingua. O galego urbano pode aturar horas a diario de atascos de tráfico que considera, estoicamente, un prezo que hai que pagar polas moitas outras vantaxes de vivir nunha cidade. Non obstante, alporízase e bota chispas cando os labregos atrancan as estradas con tractores para facerse oír por unha vez na vida.

–No viste los labradores atascando las carreteras con eso de la tractorada? No sabía yo que quedaban tantos.

–A mí lo que me llama la atención es la cantidad de tractores.

–Si es que están forrados.

–Oye, por cierto, cambiaste el coche o no?

–Pues sí, vendimos los prados del abuelo. Anda a dios. Una máquina por la autopista.

Velaí os milagres da natureza. Todos os expertos coinciden en sinalar que non hai futuro na agricultura, que sobran miles e miles de labregos. Pero entremetres, a Nai Terra, a negra e calada terra, produce pataquiñas e pisiños, engorda cochos e aínda dá para coches.

CUESTIÓNS SOBRE O TEXTO :

8. Que vínculos mantén o «galego urbano» coa súa aldea de orixe? Trátase de vínculos emocionais ou prácticos e interesados? Xustifícao con fragmentos do texto.

9. A que fai referencia o autor cando fala dos «renegados e desertores do arado»? Que actitude está describindo a través desa denominación?

10. Fíxate na seguinte secuencia do texto e responde.

... no fecundo agro [...] xermolan automóviles e vivendas.

- Que pretende comunicar o autor a través destas palabras?
- En que outros fragmentos do texto se transmite a mesma idea? Cópiaos.

11. Indica en que consiste o paradoxo que se observa no contido do último diálogo do texto.

12. Marca o tipo de contexto ou contextos comunicativos en que cres que poderías atopar un texto deste perfil e xustifica a resposta.

- Nunha novela de ficción.
- Nun libro de ensaio sobre Galicia e os galegos.
- Na sección de opinión dun xornal.